



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Macroeconomía		Código	611G01017
Titulación	Grao en Economía			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Rungo , Paolo	Correo electrónico	paolo.rungo@udc.es	
Profesorado	Garcia Cebro, Juan Antonio	Correo electrónico	j.a.garciac@udc.es	
	Rungo , Paolo		paolo.rungo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	"Macroeconomía" é a continuación da materia "Principios de Macroeconomía". Por tanto, a partir das competencias e dos conceptos xa adquiridos, discútnense temas e problemas relevantes e actuais, cun nivel de complexidade intermedio. Cobra especial relevancia o estudo da interrelación entre variables macroeconómicas, en particular en economías abertas, mediante a análise crítica de modelos teóricos.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se modifican os contidos da materia. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Traballos tutelados. *Metodoloxías docentes que se modifican - Sesión maxistral. En caso de necesidade, as sesións maxistrais e as clases teóricas realizaranse en modalidade non presencial. - Aprendizaxe colaborativa. As actividades en grupo realizaranse, se posible, en clases cun número reducidos de estudantes. Se non é posible ou recomendable, estas actividades realizaranse de forma non presencial. - Proba de ensaio. En caso de necesidade, o exame final realizarase de forma non presencial. - Proba de resposta múltiple. En caso de necesidade, o Test de Coñecementos Mínimos realizarase de forma non presencial. - Proba de resposta breve. En caso de necesidade, as probas que se realizan durante o curso realizaranse de forma non presencial. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado No caso de que non sexa posible ou non recomendada a atención personalizada presencial, esta realizarase de forma non presencial mediante as plataformas da universidade. Correo electrónico: diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais, resolver dúbidas, facer o seguimento de traballo. Teams: reunións programadas en grupos reducidos ou solicitadas mediante correo electrónico. 4. Modificacións na avaliación Non se modifica o sistema de avaliación nin os puntos asignados a cada metodoloxía. En caso de necesidade, todas as actividades e probas poderán realizarse de forma non presencial. *Observacións de avaliación: As probas finais de avaliación, que inclúen a proba de ensaio e a proba de resposta múltiple (Test de Coñecementos Mínimos) serán preferentemente presenciais. Realizaranse en modalidade non presencial se as autoridades competentes impoñano ou o recomenden. O caso de que, por razóns relacionadas de forma directa ou indirecta coa crise sanitaria, algunhas das probas realícense de forma presencial e un ou unha estudante non poida acudir ao centro, estableceranse metodoloxías alternativas de avaliación. Estas metodoloxías poderán incluír a proba oral. En calquera caso, as persoas afectadas terán que poñerse en contacto co profesor canto antes co fin de acordar unha solución. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se modifican as fontes de referencia da materia.
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1- Contribuír á boa xestión da asignación de recursos tanto no ámbito privado como no público.
A2	CE2-Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público.
A3	CE3-Aportar racionalidade á análise e á descripción de calquera aspecto da realidade económica.



A4	CE4-Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos.
A5	CE5-Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A7	CE7-Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	CE8-Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A9	CE9-Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A10	CE10-Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A11	CE11-Leer e comunicarse no ámbito profesional en máis dun idioma, en especial en inglés.
A12	CE12-Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A13	CE13-Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1 - Que os estudantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico
B7	CG2 - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora
B8	CG3 -Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.
B9	CG4 -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	CT1-Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT2-Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT3-Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT4-Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT5-Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT6-Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Comprender o carácter dinámico dos ciclos de produción e de inflación, e os efectos que a política monetaria e fiscal teñen sobre elas.	A1	B1	C1
	A2	B2	
	A3	B4	
	A5		
	A8		
	A10		
	A11		
	A13		
	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B4	C3
	A4	B5	C4
	A5	B6	C5
	A8		C6
Entender o papel das expectativas nas decisións de consumo e investimento.	A10		C7
	A12		C8
Entender o concepto de tipo de cambio e o papel das políticas económicas e comerciais na súa determinación.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	
	A4	B7	
	A5	B8	
	A7		
	A8		
Analizar a interrelación entre as variables macroeconómicas e as políticas de estabilización nas economías abertas.	A9		
	A10		
	A2	B1	C1
	A3	B2	C2
	A8	B7	
	A10		
Valorar a Macroeconomía e os modelos económicos de forma crítica	A3	B1	C6
	A4	B2	C8
	A7	B3	
	A10	B4	
	A13	B5	
		B6	
		B7	
Analizar os procesos de axuste da economía no medio prazo.		B8	
		B9	
	A2	B3	C1
	A3	B4	C3
	A5	B5	C4
	A8	B6	
		B7	
		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Conceptos fundamentais e feitos relevantes acerca da demanda e da oferta.	1.1 A demanda: características; relación de equilibrio investimento-aforro; o papel das expectativas nas decisións de consumo e aforro; a ecuación de Fisher. 1.2 A oferta: produción e desemprego; efectos ao lado da oferta sobre o desemprego; rixideces nominais, inflación e ciclo económico. 1.3 Algunhas consideracións críticas sobre o enfoque dominante en Macroeconomía.
2. O modelo das tres ecuacións e a política macroeconómica.	2.1 Panorámica inicial: ciclo económico, output gap e estabilización; o papel do banco central; inflación e deflación. 2.2 O modelo das tres ecuacións: modelización; aplicacións.
3. O papel das expectativas.	3.1 Risco, incerteza e expectativas. 3.2 Curva de Phillips, expectativas e inflación. 3.3 Expectativas no modelo das tres ecuacións.
4. Diñeiro, banca e Macroeconomía.	4.1 Diñeiro e macroeconomía. 4.2 O sistema financeiro na actualidade. 4.3 Bancos e estabilización macroeconómica.
5. A economía aberta 1.	5.1 Un modelo de economía aberta: mercado de divisas; paridade de tipos de interese; equilibrio de medio prazo na economía aberta; estabilización con tipos de cambio flexibles. 5.2 Aplicacións: shocks de demanda e oferta; overshooting do tipo de cambio; volatilidade.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A7 B2 B1 B3 C4 C5 C7 C8	17	0	17
Aprendizaxe colaborativa	A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B2 B3 B4 B6 B9 C1 C2 C3 C4 C7 C8	27	0	27
Traballos tutelados	A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A5 A4 A3 A2 A1 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C6	6	30	36
Proba de ensaio	A4 A5 A7 B2 B1 B3 B4 B5 B6	2	20	22
Proba de resposta múltiple	A3 B1 B5	1	10	11
Proba de resposta breve	A2 A3 A4 A8 A9 A11 A12 A13 B2 B4 B5 B6 B9 C1 C4 C6	2	20	22
Atención personalizada		15	0	15
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	As actividades docentes do curso incluírán clases maxistrais. A asistencia, aínda que non obrigatoria, considérase de fundamental importancia para a aprendizaxe da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Realizaranse actividades en grupo en clase co fin de mellorar a comprensión dos coñecementos teóricos da materia.
Traballos tutelados	Propóñense durante o curso uns traballos tutelados que teñen estreita relación con cada un dos temas que se explican nas sesións maxistrais, e que contribúen á súa comprensión.
Proba de ensaio	A proba final está deseñada para avaliar os coñecementos alcanzados polo alumno na preparación da materia. Os coñecementos teóricos e os desenvolvementos matemáticos e gráficos serán avaliados mediante preguntas abertas.
Proba de resposta múltiple	Para a superación do curso, será necesario aprobar un test de resposta múltiple, tal e como se especifica no apartado de avaliación da guía.
Proba de resposta breve	Durante o curso realizaranse probas de respostas breves relacionadas cos temas de estudo para avaliar de forma continua a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada ao alumno realizarase nas propias aulas e mediante reunións individuais. Nesta actividade de atención personalizada ao alumno inclúese a acción de tutoría online en grupos reducidos (4 horas por cada grupo de 15 alumnos). O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poderá utilizar as horas de tutoría para calquera aclaración, en calquera caso, para a preparación do exame.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A3 B1 B5	Test de Coñecementos Mínimos da materia.	20
Proba de resposta breve	A2 A3 A4 A8 A9 A11 A12 A13 B2 B4 B5 B6 B9 C1 C4 C6	Realizaranse probas de resposta breve e resolución de problemas para comprobar a aprendizaxe continua ao longo do curso.	20
Proba de ensaio	A4 A5 A7 B2 B1 B3 B4 B5 B6	A proba final da materia inclúe preguntas de desenvolvemento do programa e/ou problemas.	20
Traballos tutelados	A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A5 A4 A3 A2 A1 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C6	O profesor propoñerá actividades ao longo do curso, como solución de problemas e exposición de resultados, e realización de exercicios sobre os contidos estudados. Valorarase a resolución e a exposición dos problemas en clase, de forma individual ou en conxunto e tamén as solucións dadas aos exercicios propostos.	40

Observacións avaliación



1. Requisitos para aprobar a materia. É necesario alcanzar unha nota final de, polo menos, 5 puntos sobre 10 para poder conseguir unha cualificación de "aprobado". Ademais, é necesario contestar de forma correcta a 15 preguntas sobre 20 no test de coñecementos mínimos de Macroeconomía. Unha puntuación inferior no test de coñecementos mínimos implica a cualificación final de "suspenso". 2. Sobre a cualificación de "non presentado". Corresponde ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada. 3. Sobre as condicións da avaliación final. Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información. 4. Sobre a avaliación en segunda oportunidade e na oportunidade adiantada. Os criterios de avaliación establecidos nesta guía son de aplicación a todas as oportunidades. Para a segunda oportunidade e para a oportunidade adiantada é posible recuperar os puntos de avaliación continua que se detallan a continuación. Para as probas de resposta breve (2 puntos sobre 10), poderase realizar unha única proba de recuperación en data acordada co profesor. Con respecto aos traballos tutelados (4 puntos sobre 10), poderanse entregar traballos de dificultade equivalente aos propostos durante o curso polo profesor. A data de entrega destes traballos deberá ser acordada previamente co profesor. Por razóns de organización, é imprescindible que as persoas interesadas en recuperar calquera actividade de avaliación continua póñase en contacto co profesor ao principio do curso académico (para a oportunidade adiantada) ou inmediatamente despois da publicación das notas da primeira oportunidade (para a segunda oportunidade). 5. Tempo parcial e exención de asistencia. Os alumnos e alumnas que teñan recoñecida a matrícula a tempo parcial e exención de asistencia seguirán o mesmo sistema de avaliación establecido no punto 4 para a oportunidade adiantada. 6. Identificación do estudantado. O estudantado ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

Fontes de información

Bibliografía básica	- W. Carlin y D. Soskice (2014). Macroeconomics: Institutions, Instability, and the Financial System. Oxford University Press
Bibliografía complementaria	- Ben Fine y Ourania Dimakou (2016). Macroeconomics: A critical companion. London, UK: Pluto Press - M. Lavoie (2015). Post-keynesian economics: new foundations. Edward Elgar Publishing - W. Mitchell, L. Randall Wray y M. Watts (2019). Macroeconomics. London: Red Globe Press - O. Blanchard (2017). Macroeconomía (7. ^a edición). Madrid: Prentice Hall

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Macroeconomía/611G01005

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Macroeconomía. Crecemento e Dinámica/611G01028

Observacións



1. A entrega dos traballos

documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos². Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías